IGAEM

GUÍA DE AXUDAS 2007

XUNTA DE GALICIA

Edita	Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais
Deseño e maquetación	Ovo Publicidade
Imprime	Gráficas Anduriña
Depósito legal	PO-23/2007

		Páx.
	Axudas ao sector escénico e musical	5
1.a	Axudas á nova creación	6
1.b	Axudas á actividade escénica no ámbito do teatro de actor e de monicreques	8
1.c	Axudas á actividade escénica no ámbito da danza	10
2.a	Axudas para a distribución exterior de espectáculos de artes escénicas	12
2.b	Axudas para a asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical	14
2.c	Axudas á promoción e difusión musical	16
3	Axudas ás dotacións e investimentos para a Rede Galega de Teatros e Auditorios	18
4	Axudas ás salas de teatro e artes escénicas privadas	20
5	Axudas para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais	22
6.a	Axudas ao estudo	24
6.b	Axudas á investigación	24
6.c	Axudas á práctica profesional	24
6.d	Residencias de danza	24
	Cadro de axudas	26

AXUDAS AO SECTOR ESCÉNICO E MUSICAL

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais -IGAEM-, organismo autónomo de carácter comercial adscrito á Consellería de Cultura de Deporte, ten por obxecto o desenvolvemento da política cultural da Xunta de Galicia en relación coa produción, promoción e difusión das actividades do teatro, a danza e a música, tarefas que lle competen segundo a súa lei de creación -Lei 4/1989, de 21 de abril-, modificada pola Lei 2/1991, de 14 de xaneiro.

O IGAEM actúa ao mesmo tempo como organismo promotor das artes escénicas e musicais galegas e como servizo público para fomentar o acceso dos cidadáns á cultura, prestando especial atención ao apoio e ao crecemento e consolidación das empresas do sector e á creación dun mercado das artes escénicas e musicais amplo e dinámico.

Coa convocatoria de axudas ao sector escénico e musical para o exercicio de 2007, o IGAEM incrementará nun 22% o seu esforzo investidor mediante a potenciación das liñas de axudas xa existentes e a contemplación de novas figuras como as subvencións bianuais ou os proxectos conxuntos que promoven a cooperación entre empresas.

Neste catálogo preséntanse as liñas básicas de axudas e subvencións públicas que o IGAEM convoca para o ano 2007, coa finalidade de ser unha ferramenta útil para os colectivos e creadores interesados.

1.a - AXUDAS Á NOVA CREACIÓN

Finalidade: fomentar a actividade escénica así como o mantemento e progresiva consolidación das empresas e compañías profesionais de teatro e danza, e a mellora cualitativa dos espectáculos escénicos producidos en Galicia.

BENEFICIARIOS

- Persoas, físicas ou xurídicas, dedicadas profesionalmente á actividade teatral ou á danza, con domicilio ou sede social en Galicia. Quedarán exceptuadas as asociacións e entidades sen fins de lucro.

- Nesta modalidade serán requisitos imprescindibles que a maioría de capital ou dereitos de propiedade pertenza a menores de 35 anos, que a maioría do elenco artístico estea integrada por menores de 35 anos e que a antigüidade da compañía non supere os cinco anos.

GASTOS SUBVENCIONADOS

Custos relativos á produción e no seu caso á distribución do espectáculo con data comprendida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2007:

- Gastos de persoal.
- Gastos de produción (escenografía, vestiario, deseño, luminotecnia, música, realización do atrezzo etc).
- Alugueiro dos locais de ensaio e custos asociados (luz, auga, limpeza etc).
- Gastos de promoción e publicidade.
- Dereitos de autor.
- Gastos financeiros.
- Gastos xerais de mantemento e xestión (ata un máximo do 7% dos custos totais).
- Axudas de custo, transporte e/ou outras indemnizacións (ata un máximo do 5% dos custos totais).

Poderanse xustificar achegas en especie, debidamente acreditadas, co límite do 10% do orzamento total do proxecto.

CONTÍA

Máxima: 30.000 euros
Mínima: 12.000 euros

Para esta modalidade os solicitantes poderán solicitar dous tipos de axudas:

- **AXUDA ANUAL:** destinada para a produción e distribución dun novo espectáculo.
- **AXUDA BIANUAL:** destinada a dar continuidade á distribución de espectáculos que xa foran beneficiarios de axudas á produción no exercicio de 2006. Neste caso a contía determinarase mediante a aplicación de porcentaxes sobre a subvención concedida no exercicio de 2006 (75%, se a subvención foi superior a 50.000 euros; 80%, se foi superior a 25.000 e inferior a 50.000 euros; e 90%, se foi inferior a 25.000 euros).

Premios do IGAEM:
As compañías que presenten para a súa produción textos ou coreografías premiados polo IGAEM que non foran estreados con anterioridade, se resultan seleccionados para o seu financiamento, poderán beneficiarse dun incremento do 20% na contía da subvención que lles corresponda por porcentaxe dos custos de produción. Este incremento aplicarase sempre e cando non se supere o límite máximo establecido para esta axuda.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para solicitar as axudas rematará un mes despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

1.b - AXUDAS Á ACTIVIDADE ESCÉNICA NO ÁMBITO DO TEATRO DE ACTOR E DE MONICREQUES

Finalidade: fomentar a actividade escénica así como o mantemento e progresiva consolidación das empresas e compañías profesionais de teatro, e a mellora cualitativa dos espectáculos teatrais producidos en Galicia.

BENEFICIARIOS

- Persoas, físicas ou xurídicas, dedicadas profesionalmente á actividade teatral, con domicilio ou sede social en Galicia. Quedarán exceptuadas as asociacións e entidades sen fins de lucro.

- Os proxectos á actividade escénica no ámbito do teatro de actor e de monicreques tamén poderán ser presentados de forma conxunta por dúas compañías profesionais. A colaboración entre as mesmas poderá adoptar a fórmula de contrato privado ou de unión temporal de empresas.

GASTOS SUBVENCIONADOS

Custos relativos á produción e no seu caso á distribución do espectáculo con data comprendida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2007:

- Gastos de persoal.
- Gastos de produción (escenografía, vestiario, deseño, luminotecnia, música, realización do atrezzo etc).
- Alugueiro dos locais de ensaio e custos asociados (luz, auga, limpeza etc.).
- Gastos de promoción e publicidade.
- Dereitos de autor.
- Gastos financeiros.
- Gastos xerais de mantemento e xestión (ata un máximo do 7% dos custos totais).
- Axudas de custo, transporte e/ou outras indemnizacións (ata un máximo do 5% dos custos totais).

Poderanse xustificar achegas en especie, debidamente acreditadas, co límite do 10% do orzamento total do proxecto.

CONTÍA

Teatro de actor:
Máxima: 80.000 euros
Mínima: 25.000 euros

Teatro de monicreques:
Máxima: 80.000 euros
Mínima: 12.000 euros

Para esta modalidade os solicitantes poderán solicitar dous tipos de axudas:

- **AXUDA ANUAL:** destinada para a produción e distribución dun novo espectáculo.
- **AXUDA BIANUAL:** destinada a dar continuidade á distribución de espectáculos que xa foran beneficiarios de axudas á produción no exercicio de 2006. Neste caso a contía determinarase mediante a aplicación de porcentaxes sobre a subvención concedida no exercicio de 2006 (75%, se a subvención foi superior a 50.000 euros; 80%, se foi superior a 25.000 e inferior a 50.000 euros; e 90%, se foi inferior a 25.000 euros).

Premios do IGAEM:
As compañías que presenten para a súa produción textos premiados polo IGAEM que non foran estreados con anterioridade, se resultan seleccionados para o seu financiamento, poderán beneficiarse dun incremento do 20% na contía da subvención que lles corresponda por porcentaxe dos custos de produción. Este incremento aplicarase sempre e cando non se supere o límite máximo establecido para esta axuda.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para solicitar as axudas rematará un mes despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

1.c - AXUDAS Á ACTIVIDADE ESCÉNICA NO ÁMBITO DA DANZA

Finalidade: fomentar a actividade escénica así como o mantemento e progresiva consolidación das empresas e compañías profesionais de danza, e a mellora cualitativa dos espectáculos escénicos producidos en Galicia.

BENEFICIARIOS

- Persoas, físicas ou xurídicas, dedicadas profesionalmente á danza, con domicilio ou sede social en Galicia. Quedarán exceptuadas as asociacións e entidades sen fins de lucro.

- Os proxectos á actividade escénica no ámbito da danza tamén poderán ser presentados de forma conxunta por dúas compañías profesionais. A colaboración entre as mesmas poderá adoptar a fórmula de contrato privado ou de unión temporal de empresas.

GASTOS SUBVENCIONADOS

Custos relativos á produción e, no seu caso á distribución do espectáculo con data comprendida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2007:

- Gastos de persoal.
- Gastos de produción (escenografía, vestiario, deseño, luminotecnia, música, realización do atrezzo etc.).
- Alugueiro dos locais de ensaio e custos asociados (luz, auga, limpeza etc.).
- Gastos de promoción e publicidade.
- Dereitos de autor.
- Gastos financeiros.
- Gastos xerais de mantemento e xestión (ata un máximo do 7% dos custos totais).
- Axudas de custo, transporte e/ou outras indemnizacións (ata un máximo do 5% dos custos totais).

Poderanse xustificar achegas en especie, debidamente acreditadas, co límite do 10% do orzamento total do proxecto.

CONTÍA

Máxima: 40.000 euros
Mínima: 15.000 euros

Para esta modalidade os solicitantes poderán solicitar dous tipos de axudas:

- **AXUDA ANUAL:** destinada para a produción e distribución dun novo espectáculo.
- **AXUDA BIANUAL:** destinada a dar continuidade á distribución de espectáculos que xa foran beneficiados de axudas á produción no exercicio de 2006. Neste caso a contía determinarase mediante a aplicación de porcentaxes sobre a subvención concedida no exercicio de 2006 (75%, se a subvención foi superior a 50.000 euros; 80%, se foi superior a 25.000 e inferior a 50.000 euros; e 90%, se foi inferior a 25.000 euros).

Premios do IGAEM:
As compañías que presenten para a súa produción coreografías premiadas polo IGAEM que non foran estreadas con anterioridade, se resultan seleccionadas para o seu financiamento, poderán beneficiarse dun incremento do 20% na contía da subvención que lles corresponda por porcentaxe dos custos de produción. Este incremento aplicarase sempre e cando non se supere o límite máximo establecido para esta axuda.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para solicitar as axudas rematará un mes despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

2.a - AXUDAS Á DISTRIBUCIÓN EXTERIOR DE ESPECTÁCULOS DE ARTES ESCÉNICAS

Finalidade: promover a distribución exterior de espectáculos de artes escénicas producidos por empresas e/ou compañías profesionais galegas.

BENEFICIARIOS

- Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas con domicilio ou sede social en Galicia. A esta axuda non poderán optar as asociacións e entidades sen fins de lucro.

CONTÍA

Máxima: a cantidade correspondente á suma dos gastos de desprazamento, transporte e aloxamento necesarios para a distribución do espectáculo co límite equivalente ao importe do contrato de distribución. No caso de contratación por recadación dos billetes vendidos, o importe do contrato calcularase mediante o produto da porcentaxe da recadación que se perciba, o prezo medio de entrada e a capacidade do espazo escénico. No suposto de asistencia a feiras sen contraprestación económica, o importe da axuda non estará sometido ao límite do importe do contrato de distribución.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- As solicitudes deberán presentarse cunha antelación mínima de 30 días á realización das actividades obxecto de subvención e, en todo caso, con anterioridade ao 15 de novembro de 2007.

Para as actividades realizadas entre o 16 de novembro de 2006 e a data de publicación da presente resolución de convocatoria de axudas, o prazo de solicitude será dun mes, contado a partir da data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

- As actividades obxecto de subvención terán que celebrarse entre o 16 de novembro de 2006 e o 15 de decembro de 2007.

2.b - AXUDAS PARA A ASISTENCIA A FEIRAS E OUTRAS PLATAFORMAS DE EXHIBICIÓN MUSICAL

Finalidade: promover a distribución exterior de espectáculos musicais producidos por empresas galegas.

BENEFICIARIOS

- Sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución de espectáculos de música con domicilio ou sede social en Galicia.

CONTÍA

• Máxima: a correspondente aos gastos derivados da asistencia á feiras ou plataformas de exhibición musical, incluídos os gastos de desprazamento, transporte, aloxamento, dereitos ou cotas de asistencia e alugueiro de espazos de exhibición, co límite equivalente ao 60% do gasto total.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

• As solicitudes deberán presentarse cunha antelación mínima de 30 días á celebración da primeira das actuacións dos espectáculos obxecto de subvención e, en todo caso, con anterioridade ao 15 de novembro de 2007.

No caso dos espectáculos distribuídos entre o 16 de novembro de 2006 e a data de publicación da resolución de convocatoria de axudas, o prazo de solicitude será dun mes, contado a partir da data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

• As funcións terán que celebrarse entre o 16 de novembro de 2006 e o 15 de decembro de 2007.

2.c - AXUDAS Á PROMOCIÓN E DIFUSIÓN MUSICAL

Finalidade: promover a distribución exterior de espectáculos musicais producidos por empresas galegas.

BENEFICIARIOS

- Sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución no ámbito da música, para proxectos de promoción e difusión de traballos discográficos editados durante o ano 2007 e o segundo semestre de 2006, cun orzamento non inferior aos 9.000 euros.

CONTÍA

• Máxima: o importe correspondente ao 60% dos gastos derivados da promoción e difusión do traballo discográfico, co límite máximo de 12.000 euros. Quedarán excluídos os gastos de persoal e todos aqueles non vinculados ás accións de promoción e difusión.
Os gastos en artes gráficas e elaboración e mantemento de soportes de comunicación en contorno web non poderán superar o 25% dos gastos totais do proxecto.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

• O prazo para solicitar as axudas para a promoción e difusión musical rematará un mes despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

3 - AXUDAS ÁS DOTACIÓNS E INVESTIMENTOS PARA A REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Finalidade: contribuír á mellora das dotacións técnicas dos teatros, auditorios e demais espazos escénicos que conforman a Rede Galega de Teatros e Auditorios.

BENEFICIARIOS

- Entidades públicas locais que sexan titulares de teatros, auditorios e espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

GASTOS SUBVENCIONADOS

Custos relativos á mellora no equipamento técnico do espazo escénico:

• Equipamentos escénicos: maquinaria (varas manuais, contrapesadas, motorizadas...); estruturas elevables (trussers, motores...); vestiario escénico (patas, bambolinas, pano de boca, pano de fondo...); piso de danza (linóleo ou outros pavimentos axeitados para a práctica da danza).

• Equipamentos de luz ou iluminación: mesa de control, dimmers, sistemas de cables, focos e accesorios (garras, cabos de seguridade, torre de cable...).

• Equipamentos de son: mesa de mesturas, reprodutores, etapas de potencia, ecualizadores, efectos, caixas acústicas, sistemas de cables, microfonía, pés de micro...

CONTÍA

• Máxima: o 60% do orzamento do investimento realizado, cun límite de 30.000 euros como máximo por beneficiario.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

• O prazo para solicitar as axudas rematará un mes despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

4 - AXUDAS ÁS SALAS DE TEATRO E ARTES ESCÉNICAS PRIVADAS

Finalidade: promover o desenvolvemento de programacións de artes escénicas por parte de salas e teatros de titularidade privada.

BENEFICIARIOS

• Salas e teatros de titularidade privada, con capacidade non superior ás 300 prazas, cunha programación estable de espectáculos relacionados coas artes escénicas e exhibición escénica en xeral. Excluiranse as salas ou teatros de titularidade de asociacións e outras entidades sen fin de lucro.

GASTOS SUBVENCIONADOS

Custos relativos ao funcionamento e programación das salas con data comprendida entre o 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2007:

- Gastos fixos de funcionamento da sala (alugueiros, subministracións, gastos correntes e servizos, reformas e mantemento, gastos de persoal).
- Investimentos destinados á mellora ou ampliación da capacidade da sala.
- Gastos propios da programación de artes escénicas (pagamentos por espectáculos, servizos asociados, gastos de publicidade e promoción...).
- Gastos financeiros.

CONTÍA

- Dotación unitaria máxima: 40.000 euros, co límite do 50% dos custos anuais de explotación do exercicio inmediatamente anterior.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- O prazo para solicitar as axudas rematará un mes despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

5 - AXUDAS PARA O ASOCIACIONISMO PROFESIONAL NO ÁMBITO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

Finalidade: potenciar o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais.

BENEFICIARIOS

- Entidades sen ánimo de lucro de ámbito autonómico representativas das empresas e profesionais do teatro, da danza e da música.

GASTOS SUBVENCIONADOS

Custos relativos ao funcionamento e programación de actividades con data comprendida entre o 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2007:

- Gastos de persoal.
- Gastos correntes e de desenvolvemento das actividades.
- Gastos de promoción e publicidade.
- Gastos de material de edición e difusión.
- Gastos xerais de mantemento e xestión (ata un máximo do 7% dos custos totais).
- Axudas de custo e outras indemnizacións (ata un máximo do 5% dos custos totais).

Non se contemplarán aqueles gastos relativos a actividades de formación de desempregados ou ocupados, nin relacionados coa celebración de feiras ou festivais.

CONTÍA

- Dotación unitaria máxima por beneficiario: 40.000 euros, con independencia do tipo de actividade que se vaia executar.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- O prazo para solicitar as axudas rematará un mes despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

6 - AXUDAS AO ESTUDO E Á INVESTIGACIÓN

Finalidade: fomentar a reciclaxe profesional e a formación especializada das persoas vinculadas á actividade da creación, produción, distribución e exhibición de espectáculos de teatro, danza e música, así como promover a práctica profesional e a actividade investigadora.

6.a- Axudas ao estudo

Asistencia a cursos especializados, congresos, xornadas e outras actividades formativas fóra de Galicia. Poderán ser valoradas, de forma excepcional, solicitudes de axudas para a realización de actividades formativas dentro da comunidade autónoma galega que se consideren do máximo interese.

6.b- Axudas á investigación

Concederanse tres bolsas de investigación nos seguintes ámbitos temáticos:

- Análise comparada sobre política cultural no ámbito das artes escénicas no conxunto do Estado.
- Catalogación de fondos musicais das catedrais de Galicia.
- Estrutura do mercado discográfico da área da lusofonía.

6.c- Axudas á práctica profesional

Concederanse dúas bolsas de práctica profesional nos seguintes ámbitos temáticos:

- Promoción exterior e internacionalización.
- Márketing das artes escénicas e musicais.

6.d- Residencias de danza

Bolsas para o desenvolvemento de proxectos de formación, creación ou investigación no Centro Coreográfico Galego por parte de profesionais da danza.
Os proxectos terán unha duración de cinco semanas e desenvolveranse ao longo dos meses de maio, xuño, setembro, outubro e novembro.

BENEFICIARIOS

• Persoas físicas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia ou lugar de traballo en Galicia, vinculadas ao teatro, á danza ou á música. No caso das axudas a residencias de danza, os solicitantes estarán exentos do cumprimento do requisito de residencia ou lugar de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.
• Nos proxectos de investigación (**6.b**) e das residencias de danza (**6.d**), a solicitude poderase presentar en nome dun grupo de traballo.
• No caso das axudas ao estudo (**6.a**), será requisito necesario traballar ao longo do ano anterior ao momento da solicitude un mínimo de 4 meses por conta propia ou por conta allea en actividades relacionadas coa creación, produción, distribución ou exhibición de espectáculos de teatro, danza ou música. Quedan excluídos do ámbito desta modalidade os estudos de carácter regrado.
• No caso das axudas á investigación, será requisito imprescindible estar en posesión do título de diplomado ou licenciado universitario, ou titulación media ou superior equivalente.
• Quedarán excluídos do ámbito obxectivo desta modalidade o persoal funcionario e laboral da administración autonómica de Galicia.

CONTÍA

• **6.a- Axudas ao estudo**
Máxima: 3.000 euros por axuda, co límite do 75% dos gastos acreditados.

• **6.b- Axudas á investigación**
Máxima: 6.000 euros por axuda.

• **6.c- Axudas á práctica profesional**
Importe unitario máximo: 8.400 euros, en mensualidades de 700 euros.

• **6.d- Residencias de danza**
Máxima: 3.000 euros por axuda.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

• O prazo para solicitar as axudas rematará un mes despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

CADRO DE AXUDAS

	1.a	1.b	1.c	2.a	2.b	2.c	3	4	5	6.a	6.b	6.c	6.d
Por disciplina artística													
Teatro de actor, monicreques	✔	✔		✔			✔	✔	✔	✔	✔	✔	
Danza	✔		✔	✔			✔	✔	✔	✔	✔	✔	✔
Música					✔	✔	✔		✔	✔	✔	✔	
Por tipo de solicitante													
Persoas físicas e xurídicas profesionais	✔	✔	✔	✔									
Sociedades mercantís profesionais					✔	✔							
Salas privadas								✔					
Entidades públicas							✔						
Entidades sen ánimo de lucro									✔				
Persoas físicas										✔	✔	✔	✔

Cód.	*Páx.*	*Denominación da axuda*
1.a	6	Axudas á nova creación
1.b	8	Axudas á actividade escénica no ámbito do teatro de actor e de monicreques
1.c	10	Axudas á actividade escénica no ámbito da danza
2.a	12	Axudas para a distribución exterior de espectáculos de artes escénicas
2.b	14	Axudas para a asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical
2.c	16	Axudas á promoción e difusión musical
3	18	Axudas ás dotacións e investimentos para a Rede Galega de Teatros e Auditorios
4	20	Axudas ás salas de teatro e artes escénicas privadas
5	22	Axudas para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais
6.a	24	Axudas ao estudo
6.b	24	Axudas á investigación
6.c	24	Axudas á práctica profesional
6.d	24	Residencias de danza

Para ampliar a información sobre as subvencións
e axudas públicas do IGAEM poden dirixirse a:

Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais
Rúa da Vesada s/n, San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Telefono: 981 577 126 / 981 577 128
Fax: 981 577 127
Web: www.igaem.xunta.es
Mail: igaem@xunta.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM instituto galego
das artes escénicas
e musicais

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e
Solidariedade